

Montenegro: as dificultades da independencia

Description

Montenegro preparase para celebrar a consulta plebiscitaria sobre a separación da Federación Iugoslava. O proceso corre un serio risco de fracaso debido á incapacidade do bloque soberanista de definir unha estratexia común sobre a maneira de arribar á independencia. Aos problemas internos cómpre sumar a negativa posición da comunidade internacional, así como das autoridades de Belgrado.

Tres son os principais impulsores da consulta: Partido Democrático dos Socialistas (DPS), Partido Liberal de Montenegro (LSCG) e o Partido Social Demócrata (SDP). Contan ademais co apoio dos partidos albaneses. Na comisión parlamentaria creada para elaborar o proxecto de lei relativo á consulta non participan os partidos pro-iugoslavos e o propio DPS, aínda asistindo ás sesións, opta sistematicamente pola abstención co obxectivo de que sexan os deputados da Cámara lexislativa quen decidan finalmente sobre a súa aprobación.

Entre os partidarios da independencia, o principal motivo de discusión é a definición do número mínimo de electores necesarios para dar validez á consulta. Liberais e socialdemócratas estiman que non é necesario establecer un quorum mínimo, mentres que o DPS insiste na necesidade non soamente de gañalo senón de contar co apoio de máis da metade dos electores montenegrinos. Os argumentos do DPS son os seguintes: para saír da Federación debemos manter o mesmo quorum que para entrar e, segundo, de non garantirse ese minimum non se producirá recoñecemento exterior nin interior dos seus resultados.

A OSCE emitiu o pasado 6 de xullo unhas recomendacións sobre o referendo: a decisión da independencia debe estar apoiada por un número suficiente de votantes como para que a forzas pro-iugoslavas acepten o resultado; do contrario, o referendo traerá consigo máis conflito e inestabilidade. As esixencias do bloque anti-independentista son dobres: que participen máis do 50% de electores na consulta e que a decisión sobre a independencia conte co respaldo de máis da metade do corpo electoral.

Cun nivel de debate tan confuso, a actitude discordante do DPS e as tensións crecentes no seo do bloque soberanista, non se descarta que en lugar do referendo, a iniciativa da consulta remate nun fiasco e na convocatoria de eleccións lexislativas anticipadas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Balcáns

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 6, 2001

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2001-11-06 00:00:00